

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024



# MEMORIA 2024

FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL



agora somos...

**dano  
cerebral  
GALICIA**



**dano cerebral**  
ADACECO  
A CORUÑA



**dano cerebral**  
LUGO



**dano cerebral**  
SANTIAGO DE  
COMPOSTELA

**DCA**  
OURENSE

Asociación  
Dano Cerebral  
Adquirido

Edición: Dano Cerebral Galicia (Federación Galega de Dano Cerebral)

Textos e maqueta: Dano Cerebral Galicia

Data de publicación: Marzo de 2025

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

DL: C 419-2024



Permítese compartir e adaptar nos seguintes termos: recoñecemento da autoría, indicar se se fixeron cambios, uso non comercial e compartir baixo a mesma licenza.

Esta publicación alíñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)



# ÍNDICE

---

**5.** Dano Cerebral Galicia

---

**8.** Actividades e programas das asociacións

---

**19.** Actividades e servizos de Dano Cerebral Galicia

---

**46.** Proxección pública

---

**50.** Transparencia e rendición de contas

---

**59.** Traballo en rede e incidencia

---

**62.** Entidades colaboradoras

# SAÚDO DO PRESIDENTE

Amigos e amigas de Dano Cerebral Galicia,

Cando pechamos un ano e miramos atrás sempre atopamos fitos, cambios, momentos de especial relevancia e avances para o noso tecido asociativo. No caso de 2024, a magnitude dos cambios é tal que case custa encaixala nunha Memoria de Actividades como a que presentamos.

En 2024 fomos capaces de consumir unha idea na que levabamos anos traballando: dotarnos dunha marca común para todo o tecido asociativo. Comezamos o exercicio como FEGADACE, pero en xuño dixémoslle adeus anunciando que “Somos Dano Cerebral”. Un fito histórico, ao sermos a primeira federación autonómica en dar o paso, abrindo ademais camiño para a fraternal incorporación da Coruña, Lugo e Santiago de Compostela a esta nova etiqueta que nos recoñece co nome da nosa discapacidade. Nin máis nin menos que o que somos, dano cerebral adquirido.

Tamén foi o ano no que culminou un proxecto piloto do que conseguimos extraer enorme coñecemento e testar múltiples iniciativas, algunhas xa viabilizadas: Rumbo. Desinstitucionalización, ocio inclusivo, ou autonomía persoal, son hoxe realidades cheas de contido para Dano Cerebral Galicia.

No organizativo tamén lle demos a volta a todo para elaborar un novo Plan Estratégico 2025-2028, renovar a Xunta Directiva e escoller unha nova directora para a Federación. Non podo deixar de expresar o meu máis fondo agarimo e agradecemento a todas as persoas que deixaron os seus cargos, e saudar con enerxía e optimismo ás novas incorporacións, sabendo que non lles quedan máis que éxitos e avances por diante.

A folla de ruta para 2025 está escrita: seguir reclamando e defendendo dereitos, mellorando a calidade de vida do noso colectivo, e fortalecendo un tecido asociativo que xa albisca dous novos centros, que garantirán continuar incorporando a quen máis nos precisa: as persoas con dano cerebral adquirido, e as súas familias e persoas cuidadoras.

Un cordial saúdo,

Luciano Fernández Pintor





# DANO CEREBRAL GALICIA

Dano Cerebral Galicia -a Federación Galega de Dano Cerebral- é a entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia. Nese rol, o noso obxectivo é desenvolver a acción social, institucional e técnica precisa para acadar a autonomía e a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral e das súas familias. Composta por Alento -Vigo-, Dano Cerebral A Coruña ADACECO, Dano Cerebral Lugo, Dano Cerebral Santiago de Compostela e DCA Ourense. O 2024 foi o ano no que cambiamos a nosa marca para dotarnos dunha identidade común. Agora somos Dano Cerebral Galicia.

# DANO CEREBRAL GALICIA EN NOMES

## XUNTA DIRECTIVA

<b>Presidencia</b>	Luciano Fernández Pintor
<b>Vicepresidencia</b>	Laura Abeledo Lameiro   Luisa Ramírez Nisa
<b>Secretaría</b>	Berta Delfina Feijoo Ferreiro   Laura Abeledo Lameiro
<b>Tesourería</b>	Mario González Granja
<b>Vogalía</b>	Manuela Candal Garaboa   Berta Delfina Feijoo Ferreiro

## COMITÉ DE DIRECCIÓN



Gonzalo Mira



Natalia de Llano



Iria Abel



Rocío García



Noelia Luque

## EQUIPO TÉCNICO

<b>Dirección</b>	Begoña Hermida Val   Leticia Vila Posada
<b>Xestión económica</b>	Adolfo M. González Rodríguez
<b>Xestión administrativa</b>	Natalia Regueiro Cerviño
<b>Comunicación</b>	Irene Cancelas Sánchez   Sara Alonso Rodríguez
<b>Proxectos</b>	Carla Miranda Iglesias
<b>Formación</b>	Leticia Vila Posada   Noelia Rivadas López
<b>Educación social</b>	Tania Losada Figueroa   Tsion Piñeiro Novoa
<b>Logopedia</b>	Alba Gómez Rodríguez   Noelia Rivadas López
<b>Terapia ocupacional</b>	Inés Mosquera Costa   Marta Alende Gª   Alfonso Seijo Pérez
<b>Traballo social</b>	María Gosende Blanco

# DANO CEREBRAL GALICIA EN CIFRAS

	Persoas socias	Socias con DCA	Voluntariado	Profesionais
Alento	269	91	0	76
DC A Coruña	550	342	3	35
DC Lugo	248	134	3	9
DC Santiago	1.042	844	42	49*
DCA Ourense	273	135	15	15
DC Galicia	-	-	-	15*
<b>TOTAL</b>	<b>2.382</b>	<b>1.546</b>	<b>63</b>	<b>199</b>

\*non ao mesmo tempo



153 novas persoas socias



69 novas persoas socias con DCA



36 persoas voluntarias máis



39 profesionais máis

**EVOLUCIÓN  
RESPECTO  
A 2023**



# ACTIVIDADES E PROGRAMAS DAS ASOCIACIÓNS

As cinco asociacións integradas en Dano Cerebral Galicia (Alento, Dano Cerebral A Coruña ADACECO, Dano Cerebral Lugo, Dano Cerebral Santiago de Compostela e DCA Ourense) prestan un labor imprescindible na atención terapéutica especializada para persoas con dano cerebral e as súas familias. Cun modelo de rehabilitación interdisciplinar, baseado no do Imsero, ofrecen servizos e programas nas áreas da recuperación funcional, autonomía persoal, inclusión social e orientación e apoio ás familias.

# BENESTAR FÍSICO

## ATENCIÓN TERAPÉUTICA ESPECIALIZADA

### OBXECTIVOS

O programa busca a recuperación da máxima autonomía persoal e a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido. A meta concrétese en:

- Favorecer o benestar físico das persoas con DCA, potenciando e preservando as súas capacidades e previndo o seu deterioro a través da atención fisioterapéutica.
- Proporcionar atención específica para a recuperación cognitiva das persoas con DCA a través de intervencións especializadas en neuropsicoloxía.

### ACTIVIDADES

- Deseño e implantación dos Plans Individualizado de Atención (PIA) para cada persoa participante no programa.
- Sesións terapéuticas individuais e/ou grupais de estimulación físico-motriz e/ou estimulación cognitiva-sensorial.
- Avaliación do cumprimento de metas de recuperación física e/ou cognitiva de cada PIA ao final do período de intervención.

### EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



477 persoas usuarias directas



Equipo de profesionais de fisioterapia e neuropsicoloxía




2 persoas voluntarias



Poboación beneficiaria de 40 localidades



Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social



# DESENVOLVEMENTO PERSOAL

ATENCIÓN TERAPÉUTICA ESPECIALIZADA

## OBXECTIVOS

O programa busca a recuperación da máxima autonomía persoal e a calidade de vida das persoas con dano cerebral. A meta concrétese en:

- Favorecer a recuperación das funcións relacionadas coa esfera comunicativa e da alimentación das persoas con DCA mediante a intervención logopédica.
- Potenciar as capacidades preservadas e a recuperación das perdas susceptibles de mellora na realización de actividades da vida diaria en terapia ocupacional.

## ACTIVIDADES

- Intervención logopédica para a mellora da disfagia e secuelas que afecten aos trastornos da comunicación, disartria e/ou afasias, así como á alimentación.
- Sesións individuais e/ou grupais de terapia ocupacional para recuperar a autonomía en actividades da vida diaria segundo as necesidades da persoa.
- Valoración e asesoramento á persoa con DCA e á súa familia na selección de adaptacións persoais e axudas técnicas, así como entrenar no seu uso.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



455 persoas usuarias directas



Equipo de profesionais de logopedia e terapia ocupacional




5 persoas voluntarias



Poboación beneficiaria de 47 localidades



Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social



# RELACIONES INTERPERSONALES

LEGER, INCLUSIÓN E PARTICIPACIÓN COMUNITARIA E SOCIAL

## OBXECTIVOS

O programa busca promover a inclusión social, o desenvolvemento comunitario e o exercicio do dereito á participación social das persoas con DCA. Concrétase en:

- Mellorar as habilidades sociais e de desenvolvemento comunitario das persoas con DCA, fortalecendo o seu benestar social e interpersonal.
- Potenciar relacións persoais e sociais saudables e positivas nas persoas con DCA, mellorando a súa autoestima e calidade de vida.

## ACTIVIDADES

Actividades comunitarias, de lecer, inclusión social e cidadanía activa, seleccionadas entre as persoas usuarias e as profesionais encargadas, no deseño dos respectivos PIAs, que inclúen: (i) accións formativas (individuais e/ou grupais) no manexo de TICs, habilidades sociais etc; (ii) obradoiros (repostaría, laborterapia, música, carpintaría...); (iii) deporte adaptado e inclusivo (boccia, andainas, nado...) e (iv) actividades de lecer fóra dos centros de atención (teatro, cine, espectáculos, museos...).

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



430 persoas usuarias directas



Equipo de profesionais de educación e integración social, auxiliares e técnicas/os deportivos




12 persoas voluntarias



Poboación beneficiaria de 37 localidades



Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social



# BENESTAR MATERIAL

INFORMACIÓN E APOIO A PERSOAS CON DANO CEREBRAL E FAMILIAS

## OBXECTIVOS

O programa busca ofrecer continuidade asistencial trala alta hospitalaria a persoas con DCA e familias. A meta concrétase en:

- Apoderar ás familias e persoas cuidadoras no proceso de atención ás persoas con DCA a través do apoio e asesoramento de profesionais de traballo social.
- Proporcionar recursos informativos para a inclusión social, mediante asesoramento de tramitacións de discapacidade e dependencia, co apoio de traballo social.

## ACTIVIDADES

Accións de acollemento, orientación, asesoramento e capacitación como:

- Sesións individuais e/ou grupais na fase de intervención familiar con apoio de traballo social en trámites e xestións, busca de recursos, asesoramento legal...
- Actividades formativas e informativas con familias e poboación xeral en espazos sociocomunitarios a través de sesións en puntos informativos e en espazos como escolas, servizos sociais municipais, locais veciñais etc.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



Equipo de profesionais de traballo social, educación social e psicoloxía



6 persoas voluntarias




Poboación beneficiaria de 50 localidades



Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social



858 persoas usuarias directas



# BENESTAR EMOCIONAL



ATENCIÓN, INTERVENCIÓN E APOIO PSICOLÓGICO

## OBXECTIVOS

O programa busca favorecer o proceso adaptativo tralo DCA. Concrétase en:

- Apoderar á familia e persoas cuidadoras para o proceso de atención das persoas con DCA a través do acompañamento e a intervención psicolóxica, asegurando un bo estado emocional da contorna comunitaria na definición do proxecto de vida.
- Incrementar o coñecemento social do DCA mediante a realización de actividades de capacitación e información coas familias e principais grupos de risco.

## ACTIVIDADES

- Sesións individuais e/ou grupais para a atención psicolóxica de familias.
- Accións formativas e informativas para familias, persoas cuidadoras e poboación xeral impartidas por profesionais de psicología sobre pautas de intervención sociais, sanitarias, legais e outra información especializada.
- Actividades de ocio e/ou doutro tipo para a redución da sobrecarga emocional para familias e persoas cuidadoras.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



456 persoas usuarias directas



Equipo de profesionais de psicología




7 persoas voluntarias



Poboación beneficiaria de 46 localidades



Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social



# MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE

## SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO

### OBXECTIVOS

O programa consiste en prestar un servizo de transporte adaptado ás persoas con DCA con mobilidade reducida e en situación de alta dependencia e/ou de emerxencia social para contribuír á súa autonomía e calidade de vida a través da garantía da accesibilidade universal, facilitando o desprazamento aos servizos terapéuticos para recibir tratamentos de rehabilitación ou outras intervencións, así como para poder participar nos programas de inclusión social das entidades.

### ACTIVIDADES

- Traslados diarios de ida e volta desde os domicilios das persoas usuarias aos centros das asociacións ou espazos comunitarios a través de empresa provedora externa, de servizo propio ou outras modalidades como o desprazamento familiar.
- Desprazamentos de persoas usuarias e familias para participar en actividades de ocio e na comunidade que se organicen desde a entidade.
- Accións propias da organización lóxística e coordinación do servizo.

### EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



218 persoas usuarias directas




Conductoras/es e auxiliares de apoio no transporte, propios ou subcontratados



Poboación beneficiaria de 19 localidades



Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio da Consellaría de Política Social



# EXECUCIÓN DE OBRAS

## FORTALECIMENTO ESTRUCTURAL DOS RECURSOS DE ATENCIÓN

### OBXECTIVOS

O programa busca contribuír á mellora da calidade de vida da poboación galega con DCA, incrementando a equidade, acceso e calidade dos coidados. Concrétase en:

- Expandir e mellorar a rede de centros de atención terapéutica ambulatoria, diúrna e residencial das áreas sanitarias de Santiago-Barbanza e A Coruña-Cee e Ferrol.
- Facilitar a conciliación e respiro das familias co aumento de recursos especializados de atención sociosanitaria, coidado e neurorrehabilitación na área sanitaria de Santiago-Barbanza e da área sanitaria de A Coruña-Cee e Ferrol.

### ACTIVIDADES

A ampliación do centro de atención de Dano Cerebral Santiago de Compostela busca responder ao crecemento exponencial da entidade nos últimos anos, consecuencia do incremento no número de persoas usuarias así como das novas necesidades detectadas no eido do DCA. Do mesmo xeito, o centro de nova creación de Dano Cerebral A Coruña pretende cubrir as necesidades de atención terapéutica das persoas con DCA a nivel ambulatorio, diúrno e residencial.

### EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro




415 persoas usuarias directas



Fondos da convocatoria de IRPF

DANO CEREBRAL A CORUÑA ADACECO



DANO CEREBRAL SANTIAGO DE COMPOSTELA



# ACTIVIDADES E SERVIZOS DE DANO CEREBRAL GALICIA

Dano Cerebral Galicia coordina e representa as súas cinco asociacións e desenvolve actividades e proxectos nas áreas de información e sensibilización, formación, investigación e divulgación do coñecemento, participación cidadá e dereitos, ocio inclusivo, incidencia política, fortalecemento institucional e cohesión asociativa. Asemade, entre 2022 e 2024 prestou servizos directamente ás persoas e familias con danocerebral, como os Servizos sociosanitarios de proximidade ou a Asistencia persoal.

# INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca:

- Incrementar o coñecemento social do DCA mediante a realización de actividades de promoción da saúde, culturais e deportivas para a sociedade galega.
- Mellorar a identificación, diagnose e tratamento dos factores de risco, causas e secuelas a través de accións divulgativas e informativas dirixidas ao ámbito comunitario, empresarial, educativo e sociosanitario, con especial foco no rural e nas mulleres.

## ACTIVIDADES

- Cinefórum.
- Carreira e andaina solidaria 'Camiñando #PoloDanoCerebral'.
- Charlas informativas para diversos públicos e sobre diferentes temáticas.
- Travesía a Nado #PoloDanoCerebral.
- Punto informativo no Hospital do Salnés e en actividades puntuais.
- Campaña de sensibilización 'Non se pode previr o que non se coñece'.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde febreiro a decembro



Equipo de profesionais de traballo social, educación social e comunicación



Poboación beneficiaria de 72 localidades




Colaboración con 41 axentes públicos e 41 axentes privados



Fondos do Grupo Tragsa, IRPF, Proxecto Rumbo e do convenio nominativo da Cons. de Política Social



1.562 persoas usuarias directas



## 1. CINEFÓRUM

Proxeccións e coloquios de análise en 10 sesións organizadas en colaboración cos Espazos +60 de Afundación.



Execución en outubro



Potenciar o coñecemento sobre o dano cerebral a través do cinema



Ourense, Vigo, Ferrol, Monforte, Pontevedra, Betanzos, Lugo, Viveiro, Pontedeume e Santiago



255 persoas participantes



Fondos da convocatoria de IRPF



## 2. CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA 'CAMIÑANDO POLO DCA'

Actividade deportiva solidaria organizada en colaboración co Concello de Lalín e co apoio de 14 empresas privadas.



30 de xuño



Visibilización do dano cerebral e promoción do deporte como un hábito de vida saudable para a prevención do ictus



Poboación beneficiaria do Deza e outros puntos de Galicia



220 persoas inscritas



Fondos da Convocatoria de IRPF e fondos propios

### 3. TRAVESÍA A NADO POLO DANO CEREBRAL

Actividade deportiva destinada a promover uns hábitos saudables e o goce do lecer inclusivo.



6 de xullo



Visibilizar o DCA, o deporte e o ocio inclusivo, e promover uns hábitos saudables



Praia do Preguntoiro (Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa)



15 participantes con dano cerebral | 100 participantes sen dano cerebral



Fondos da convocatoria de IRPF, da F. José Otero - Carmela Martínez e apoio do Concello de Vilagarcía



### 4. SENSIBILIZACIÓN INFANTIL COA INICIATIVA 'OS BOLECHAS'

Obradoiros didácticos dirixidos a público de primaria e infantil baseados no conto *Mireia conta que é o dano cerebral*.



Execución desde febreiro a xullo



Información sobre o dano cerebral e fomento do respecto para unha sociedade diversa e inclusiva



24 obradoiros en 10 escolas e 2 campamentos de verán no concello de Lalín



515 persoas participantes



Fondos da convocatoria de IRPF e do Grupo Tragsa

## 5. SENSIBILIZACIÓN INFANTIL COA INICIATIVA 'FAST HEROES'

Obradoiros didácticos dirixidos a público escolar infanto-xuvenil baseados na iniciativa e materiais dos Heroes de FAST.



Execución desde abril a xuño



Concienciar sobre o ictus e o dano cerebral e capacitar na identificación dos síntomas de alarma do primeiro



9 obradoiros en 3 centros educativos (varios grupos por centro)



151 persoas participantes



Fondos da convocatoria de IRPF



## 6. CHARLAS DE APROXIMACIÓN AO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

Sesións informativas de introdución ao dano cerebral, dirixidas con especial foco ás mulleres e ao ámbito rural.



Execución desde febreiro a novembro



Información sobre o dano cerebral: causas, consecuencias, modelo e recursos de atención



20 charlas en 19 concellos



472 persoas participantes



Fondos da convocatoria de IRPF, do Grupo Tragsa e da EGSC

## 7. PREVENCIÓN DO DCA NA CONTORNA LABORAL

Sesiões de introdución ao DCA con especial foco na prevención das causas relacionadas coa contorna de traballo.



Execución en novembro e decembro



Informar sobre as causas de achegar pautas de prevención das máis relacionadas co ámbito laboral



3 obradoiros en Viveiros Río Tollo (Tomiño), Grupo Ramón Gª (Ordes) e Dep. da Coruña



38 persoas participantes



Fondos da convocatoria de IRPF e da EGSC



## 8. DEREITOS DAS PERSOAS CON DANO CEREBRAL

Presentacións da 'Guía legal' en forma de charlas do seu autor, Miguel Vieito, onde expuxo os principais cambios legais desde a Lei 8/2021.



Execución desde marzo a outubro



Informar ás persoas e familias con DCA sobre os cambios legislativos máis recentes



9 charlas (asociacións, Sober, Burela, Lalín e CPAP Bergondo) e un webinar para colexiadas/os do COTS



211 persoas participantes



Fondos do Proxecto Rumbo, de Fundación La Caixa, da Dep. da Coruña e da EGSC

## 9. OBRADOIRO DE AUTOCOIDADOS PARA PERSOAS COIDADORAS

Reeditado o 'Caderno de Autocoidado para persoas cuidadoras'; presentado nas charlas, centradas na calidade de vida das cuidadoras e en previr o *burn-out*.



Execución desde maio a decembro



Capacitar ás cuidadoras informais para o seu autocoidado e mellorar a atención ás persoas con DCA



12 obradoiros noutros tantos concellos en colaboración con 11 asociacións de mulleres



175 persoas participantes



Fondos de IRPF, do Grupo Tragsa, da Deputación da Coruña e da EGSC



## 10. CICLO DE ACTIVIDADES 'ACTÍVATE POLO DANO CEREBRAL'

Complementando a Carreira e Andaina Solidaria, levamos un ciclo de actividades de formación e sensibilización ao Concello de Lalín.



Execución en xuño e xullo



Sensibilizar á poboación de Lalín e do Deza sobre a prevención e caracterización do dano cerebral



Sesións 'Aproximación', 'Autocoidados', 'Dereitos' e 'Os Bolechas'



Fondos da convocatoria de IRPF, do Grupo Tragsa e da EGSC



## 11. PUNTO INFORMATIVO NO HOSPITAL DO SALNÉS

Espazo de información e asesoramento sobre aspectos sociosanitarios ou legais dirixido a persoas hospitalizadas por calquera das causas do dano cerebral.



Execución de xaneiro a xullo (suprimido por falta de usuarias pese ás accións de incidencia e captación)



Ofrecer apoio e orientación a persoas e familias en fase aguda



Poboación beneficiaria usuaria do Hospital do Salnés (Vilagarcía de Arousa)



Fondos da convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social

## 12. CAMPAÑA 'NON SE PODE PREVER O QUE NON SE COÑECE'

Acción de sensibilización realizada en colaboración con Renfe con motivo do Día do Dano Cerebral Adquirido.



Execución desde o 07/10/2024 ao 03/11/2024



Concienciar sobre secuelas invisibles do DCA e dar a coñecer esta discapacidade



Poboación usuaria das liñas de tren A Coruña-Vigo-Ourense-Santiago e das 11 principais estacións galegas



Fondos do convenio nominativo da Consellaría de Política Social





### 13. PATROCINIO AITOR DE LUIS: 'NADO POLO DANO CEREBRAL'

Patrocinio do nadador para levar a bandeira #PoloDanoCerebral ás súas travesías, sensibilizando sobre a nosa discapacidade.



Execución de maio a setembro



Sensibilizar ás persoas asistentes e participantes nas travesías eu augas abertas sobre o dano cerebral



6 travesías en Galicia e unha en Portugal



Fondos da convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social

### 14. MESA INFORMATIVA NA XORNADA DE BENVIDA DA UDC

Posto informativo instalado durante a xornada de benvida ao novo alumnado da Universidade da Coruña en Ferrol.



Execución o 19/09/2023



Dar a coñecer o movemento asociativo entre o estudiantado da Universidade da Coruña



Alumnado do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña



Fondos da convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social



# FORMACIÓN EXTERNA E INTERNA

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca:

- No plano interno, impulsar espazos de traballo para o intercambio de boas prácticas sobre metodoloxías de intervención novidasas e homoxeneización de procesos e implantar plans de formación para persoal de entidades e Federación.
- No plano externo, a capacitación de diferentes colectivos profesionais sociosanitarios, así das persoas coidadoras non formais, co obxectivo de mellorar a calidade da atención que reciben as persoas con dano cerebral adquirido.

## ACTIVIDADES

- Accións formativas co persoal laboral das asociacións e da Federación.
- Accións para mellora das capacidades e da especialización das persoas coidadoras formais e informais de persoas con dano cerebral, dirixidas a mellorar diferentes áreas de coñecemento e/ou da atención a áreas e secuelas.
- Formacións presenciais e/ou telemáticas para persoas con DCA, familias, profesionais do SERGAS, do servizo de axuda no fogar e outros perfís sociosanitarios.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



56 formacións, entre executadas e nas que se participa



21 formacións internas e 35 externas




26 en modalidade online e 30 en presencial



Colaboración con 14 axentes públicos e 11 axentes privados



888 persoas inscritas nas formacións



## ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA

### 1. APOIO NO FOGAR DE PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O curso ten como obxectivo capacitar ao persoal responsable da atención e coidado no fogar de persoas con dano cerebral adquirido para a súa atención específica.



Modalidade telemática



Execución entre marzo e outubro



3 edicións de 18 horas de duración (unha para a UDC e outra para CDR O Viso)



77 persoas inscritas  
44 finalizan o curso



Fondos da convocatoria de IRPF, da Deputación da Coruña e de Fundación La Caixa



Modalidade presencial



Execución desde xaneiro a decembro



11 edicións de 3 sesións cada unha (10 horas totais) en 6 centros educativos e 2 concellos



212 persoas inscritas



Fondos de Proxecto Rumbo, La Caixa, Dep. da Coruña e convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social

### 2. ALIMENTACIÓN, DEGLUTICIÓN E NUTRICIÓN

O curso está ideado para abordar as principais secuelas a este nivel, como a disfagia, e achegar técnicas compensatorias que garantan unha axeitada nutrición.



Modalidade telemática



Execución entre marzo e outubro



3 edicións de 50 horas de duración, unha para a UDC e outra para as asociacións



112 persoas inscritas  
81 finalizan o curso



Fondos da convocatoria de IRPF da Cons. de Política Social, de Proxecto Rumbo e da Deputación da Coruña



Modalidade presencial



Execución desde febreiro a novembro



4 edicións de 4 horas nun centro educativo, un concello e no CDR O Viso



78 persoas asistentes



Fondos de Proxecto Rumbo, La Caixa e convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social

### 3. SEXUALIDADE E DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O curso ten como meta capacitar e formar a diversos perfís profesionais na abordaxe da sexualidade en persoas con DCA.



Modalidade telemática



Execución desde marzo a decembro



3 edicións de 50 horas de duración, unha para a UDC



107 persoas inscritas  
57 finalizan o curso



Fondos da convocatoria de IRPF da Cons. de Política Social e da Dep. da Coruña

### 4. HUMANIZANDO AS ACTUACIÓNS CON PERSOAS E FAMILIAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

Curso de sensibilización en boas prácticas para profesionais do SERGAS sobre a atención ás persoas e familias con DCA.



Modalidade telemática



Execución en maio e novembro



2 edicións de 4 horas cada unha impartidas por Alento, Dano Cerebral A Coruña ADACECO, Dano Cerebral Lugo e DCA Ourense



Organizado e financiado pola ACIS

### 5. CICLO DE FORMACIÓN EN RESIDENCIAS NON ESPECIALIZADAS

Obradoiros en centros residenciais non especializados nos que se formou en atención ao dano cerebral ao persoal de atención directa.



Modalidade presencial



Execución desde marzo a outubro



5 obradoiros de 3 sesións en Doral Vigo, Ballesol Vigo, Serge A Veiga, Esgos e Volta do Castro (Santiago)



80 persoas participantes



Fondos do Proxecto Rumbo

### 6. ALFABETIZACIÓN DIXITAL

O curso ten como obxectivo reducir a fenda dixital das persoas e familias con dano cerebral adquirido que participan no Proxecto Rumbo.



Modalidade presencial con apoio da plataforma telemática



Execución durante todo o ano



Formación de 13 horas de duración impartida a domicilio pola terapeuta ocupacional



4 persoas participantes



Fondos do Proxecto Rumbo



## ACTIVIDADES DE FORMACIÓN INTERNA

### 1. ENCONTRO FORMATIVO DE PROFESIONAIS DAS ASOCIACIÓNS

Deseñado para favorecer o desenvolvemento de competencias e crecemento profesional e aumentar a implicación e cohesión interna.



Modalidade presencial



Execución o 25/05/2024

Xornada de 4 horas



Obradoiros por InTheMove, espectáculo por Empatía Teatro



89 profesionais de Dano Cerebral Galicia e asociacións



Organizado por Dano Cerebral Galicia con fondos de IRPF

### 2. ORATORIA PROFESIONAL E DIXITAL

Impartido por Santiago Martínez co obxectivo de incorporar técnicas de oratoria para mellorar as intervencións en público e para os medios.



Modalidade presencial



Execución o 26/07/2024 e o 04/12/2024



2 edicións de 4 horas de duración



7 asistentes da XD  
8 asistentes do equipo técnico



Organizado por Dano Cerebral Galicia con fondos de IRPF

### 3. ALIMENTACIÓN, DEGLUTICIÓN E NUTRICIÓN

Edición específica para a súa realización a nivel interno do movemento asociativo, dirixida a profesionais das asociacións.



Modalidade telemática



Execución desde o 22/03/2024 ao 22/05/2024



1 edición de 50 horas de duración



39 profesionais das asociacións asistentes



Organizado por Dano Cerebral Galicia

### 4. PROGRAMA UNIVERSITARIO EN ASISTENCIA PERSOAL EN DCA

Do programa superior universitario saíron as dúas persoas que realizaron a pilotaxe como asistentes persoais.



Modalidade telemática



Execución desde o 15/02/2024 ao 15/05/2024



100 horas de duración



11 persoas formadas



Organizado por Daño Cerebral Estatal e impartido por Feafes CyL

## 5. OUTROS CURSOS DE FORMACIÓN INTERNA

10º Encontro de Lectura Fácil	Modalidade presencial - 10,5 h Participa 1 profesional Organiza: Asociación Lectura Fácil
Sistema de Xestión da Calidade: ISO 900	Modalidade presencial - 3 h Participan 3 profesionais Organiza: Trillium Consultores
Trello e ToDo'	Modalidade presencial - 4 h Participan 2 profesionais Organiza: Recursos Galicia
Modelo de atención ao DCA	Modalidade telemática - 20 h Participan 2 profesionais Organiza: CEADAC
Acreditación docente para teleformación	Modalidade telemática - 12 h Participan 3 profesionais Organiza: Coceta formación
Modelo de atención ao dano cerebral adquirido	Modalidade telemática - 20 h Participa 1 profesional Organiza: CEADAC
Formación en prevención e tratamento do acoso no traballo	Modalidade telemática - 20 h Participan 7 profesionais e XD Organiza: Recursos Galicia
Formación básica en igualdade de xénero	Modalidade telemática - 20 h Participan 16 profesionais e XD Organiza: Recursos Galicia
Formación en dereitos laborais e conciliación	Modalidade telemática - 15 h Participan 16 profesionais e XD Organiza: Recursos Galicia
Xustificacións económicas. Introd. aos modelos de custes simplificados	Modalidade telemática - 1 h Participa 1 profesional Organiza: COMPASS
Plan de Igualdade: deseño, implantación, seguimento e aval.	Modalidade telemática - 30 h Participa 1 profesional Organiza: Tu formación
Sexualidade e DCA	Modalidade telemática - 50 h Participan 2 profesionais Organiza: Dano Cerebral Galicia
Emprego con apoio: modelo IPS	Modalidade telemática - 20 h Participa 1 profesional Organiza: CREAP
Plan de redes sociais para ONG: estratexias e ferramentas	Modalidade telemática - 2 h Participan 2 profesionais Organiza: EAPN CLM
Que pode facer a IA polo terceiro sector?	Modalidade telemática - 2 h Participan 2 profesionais Organiza: EAPN Galicia
Formación en igualdade para a selección de persoal e RRHH	Modalidade telemática - 20 h Participan 4 profesionais e XD Organiza: Recursos Galicia



# INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DE COÑECEMENTO

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca mellorar o coñecemento e a atención ao dano cerebral adquirido través do impulso de programas e proxectos innovadores, así como divulgar o coñecemento xerado no seo do tecido asociativo, sempre na liña de incrementar a calidade da atención prestada, interna e externamente, ás persoas con dano cerebral adquirido, organizando e/ou participando en xornadas e encontros de carácter científico-técnico arredor da nosa discapacidade.

## ACTIVIDADES

- Na área da produción de coñecemento, rematouse e publicouse o estudo sobre atención residencial ás persoas con dano cerebral en centros non específicos.
- No tocante á divulgación de coñecemento, organizouse a Xornada sobre o Dano Cerebral, que ten lugar cada dous anos, e dúas puntuais: unha sobre saúde oral e outra sobre os resultados dunha investigación sobre o ictus promovida por Daño Cerebral Estatal e o laboratorio Ipsen.
- O equipo técnico tamén asistiu e colaborou con iniciativas divulgadoras de Daño Cerebral Estatal e de Daño Cerebral Santiago de Compostela.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro




Premio ao póster 'Planificación, execución e valoración dun proxecto de servizos sociosanitarios de proximidade para persoas con dano cerebral adquirido en Galicia' no Congreso de Dano Cerebral Estatal



Fondos da convocatoria de IRPF da Consellería de Política Social, do Proxecto Rumbo e de Ipsen



180 persoas asistentes ás xornadas de divulgación



## 1. A ATENCIÓN RESIDENCIAL AO DANO CEREBRAL EN RECURSOS RESIDENCIAIS NON ESPECÍFICOS GALEGOS

Estudo formulado para obter un diagnóstico sobre a atención prestada ás persoas con dano cerebral en centros residenciais non específicos para esta discapacidade. Aínda que o traballo de campo (procesando os datos de 44 enquisas) se realizou en 2023, a finalización do informe e a súa publicación tiveron lugar en 2024.



Execución entre xaneiro e decembro



O estudo concluíu que hai persoas con dano cerebral adquirido no 63,3% dos centros residenciais non específicos, o 96,4% por causa dun ictus



Fondos do Proxecto Rumbo

Da realización do estudo xorden:



A elaboración da 'Guía de Actuación: apoio a persoas con dano cerebral adquirido en espazos residenciais non especializados para a promoción da autonomía e da vida independente'



O ciclo formativo para a difusión da guía en residenciais

## 2. XORNADA SOBRE O DANO CEREBRAL: 'DENDE O ASISTENCIALISMO AO PLENO EXERCICIO DE DEREITOS'

Contidos: conferencia inaugural: 'Un percorrido do asistencialismo a un modelo de dereitos', por Inmaculada Gómez Pastor. Directora do Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral (CEADAC); e mesas sobre 'Evolución da atención ao dano cerebral en Galicia' e 'Iniciativas actuais na atención ao dano cerebral cun enfoque dereitos' en Galicia, noutros territorios, e na atención a outras discapacidades.



Modalidade presencial



09/11/2024



8 horas



92 persoas asistentes



Fondos da convocatoria de IRPF da Consellería de Política Social



12º Premio Dano Cerebral Galicia – Miguel Blanco ao CPAP de Bergondo



O 98% de asistentes amosa a súa satisfacción xeral con esta actividade, estando a gran maioría moi satisfeitas



Recoñecemento de Actividade de Interese Sanitario



Estrea do vídeo 'Historia(s) do dano cerebral adquirido'

### 3. 'A SAÚDE ORAL, GARANTÍA DO BENESTAR DAS PERSOAS CON DCA'

Xornada de presentación dos vídeo-titoriais sobre saúde oral elaborados grazas á dotación do Premio ACIS de Innovación en Saúde, elaborados coa Unidade de Odontoloxía para persoas con necesidades especiais.



Execución o 30/05/2023



Estrea dos vídeos e coloquio con Jacobo Limeres e María José Rama



48 persoas inscritas



Organizado por Dano Cerebral Galicia con fondos de IRPF

### 4. XORNADA DE PRESENTACIÓN DO INFORME IPSEN SOBRE O ICTUS

Presentación en Galicia do informe 'Investigación social sobre el impacto de las secuelas en las fases subaguda y crónica tras un ictus', impulsada por DC Estatal e o laboratorio Ipsen na sede da Consellería de Sanidade.



Execución o 30/04/2024



Intervención do conselleiro de Sanidade, presentación do informe e mesa redonda con Jacobo Formigo



40 persoas asistentes



Organizado por Ipsen co apoio de Dano Cerebral Galicia

### 5. V CONGRESO DE DAÑO CEREBRAL ESTATAL

Encabezado polo lema 'Reconstruir la vida, restaurar la independencia', serviu para coñecer resultados do Proxecto Rumbo.



Modalidade presencial



12/04/2024 e 13/04/2024



Participación no Comité Científico, nun relatorio, moderando 2 mesas, e con 2 pósters, un deles premiado



Asiste o equipo técnico de Dano Cerebral Galicia



Organizado por Daño Cerebral Estatal

### 6. XORNADA 'TRAZANDO CAMIÑOS' (DC SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Encontro sobre oportunidades e aprendizaxes a arredor da orientación laboral especializada en persoas con dano cerebral adquirido.



Modalidade presencial



20/06/2024



Participación nun dos relatorios



Asiste o equipo técnico de Dano Cerebral Galicia



Organizado por DC Santiago de Compostela e DC Estatal



# OCIO INCLUSIVO

## NATACIÓN ADAPTADA

### OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca facilitar a participación das persoas con dano cerebral na comunidade a través de actividades de ocio, creando e deseñando actividades e eventos colaborativos para favorecer a autonomía das persoas do noso colectivo. O proxecto de natación adaptada pretendeu, máis concretamente, facilitar o retorno á natación tralo dano cerebral, e promover a aprendizaxe de cero desta disciplina.

### ACTIVIDADES

- Un adestramento mensual na piscina municipal de Brión coas persoas voluntarias de Arousaman-Arousawoman para coñecer as técnicas de natación adaptada.
- Adestramentos semanais na piscina municipal de Teo para desenvolver e poñer en práctica o aprendido, sempre coas fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais de Dano Cerebral Santiago de Compostela.
- Participación, a modo de colofón, na Travesía a Nado #PoloDanoCerebral.

### EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a xullo



32 adestramentos de natación adaptada



Equipo de profesionais de terapia ocupacional e fisioterapia




Colaboración do voluntariado de Arousaman (9 persoas en piscina e 20 nos adestramentos no mar)



11 persoas con dano cerebral participantes nos adestramentos en piscina e 15 no mar



Fondos do Proxecto Rumbo e da Fundación José Otero - Carmela Martínez



# OCIO INCLUSIVO

## CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN

### OBXECTIVOS

Complementando a anterior, esta liña pretende facilitar a participación das persoas con dano cerebral en actividades de ocio, promovendo a sensibilización en materia de ocio inclusivo e accesibilidade universal das propias persoas con dano cerebral, de axentes sociais relacionados co ámbito da programación cultural, do deporte ou outros operadores de ocio, e tamén da poboación en xeral.

### ACTIVIDADES

- Campaña de sensibilización con material informativo sobre ocio inclusivo presentada a axentes culturais e programadores de ocio en Lugo (O Vello Cárcere, 24 de setembro), Santiago (Dano Cerebral Santiago de Compostela, 7 de outubro) e Culleredo, para a zona da Coruña (Pazo Vila Melania, 15 de outubro).
- Os materiais empregados foron un vídeo, un folleto e un cartel específicos.

### EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución en setembro e outubro



Equipo de profesionais de terapia ocupacional, comunicación e traballo social



3 persoas con dano cerebral participan nas presentacións




Presentacións en 3 localidades



Fondos do Proxecto Rumbo



120 persoas asisten ás presentacións da campaña



# VIDA INDEPENDENTE

## OBXECTIVOS

Esta liña busca garantir a autonomía persoal, previr situacións de dependencia e evitar a institucionalización de persoas con dano cerebral con necesidade de apoios e coidados de longa duración non cubertos polo sistema de atención. Concrétase na prestación de servizos de atención terapéutica a domicilio, no despregamento de accións de apoderamento e na proba piloto dun servizo de asistencia persoal.

## SERVIZOS SOCIO SANITARIOS DE PROXIMIDADE

- Definición de itinerarios de intervención e obxectivos de traballo terapéutico coas persoas con dano cerebral beneficiarias e as súas familias.
- Prestación dos 'Servizos socio sanitarios de proximidade a domicilio' (SSP): sesións de logopedia, terapia ocupacional e traballo social.
- Concellos nos que se realizaron intervencións: Sanxenxo, Pontedeume, Noia, Fisterra, Aranga, Cee, Camariñas, Xinzo de Limia (sesións telemáticas), Pontevedra, Narón e Navia de Suarna (sesións telemáticas).
- Os SSP tamén se despregaron en residencias cun ciclo formativo.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a xullo



Equipo de profesionais de traballo social, logopedia e terapia ocupacional



Intervención en 11 concellos




731 horas de intervención



Fondos do Proxecto Rumbo e Fundación La Caixa



14 persoas beneficiarias



## APODERAMENTO

As iniciativas de apoderamento centráronse na formación en igualdade, promoción da autonomía, autodeterminación ou dereitos, e dirixíronse tanto a profesionais como a persoas con DCA e familiares. Complementáronse coa edición de guías propias.

- Edición e ciclo de 10 presentacións (9 presenciais, unha telemática), cun total de 238 persoas asistentes, da 'Guía legal para persoas con dano cerebral adquirido. Aproximación á Lei 11/2021 e a outras normativas de interese para o colectivo'.
- Elaborada a 'Guía básica de produtos de apoio' e realizadas accións de préstamo.

## ASISTENCIA PERSOAL

### ACTIVIDADES

O proxecto de asistencia persoal para persoas con dano cerebral tivo dous eixos:

- Formación. 'Curso de asistencia personal especializado en dano cerebral adquirido' (50 horas) e 'Programa Universitario Superior en Asistencia Personal en Dano Cerebral Adquirido' (100 horas). Dúas das asistentes a este último foron seleccionadas para realizar a pilotaxe exercendo como asistentes persoais.
- Intervención/pilotaxe. Intervención realizada do 30 de abril ao 29 de xuño en Lugo e Santiago. Baseouse nun cuestionario inicial coa persoa con dano cerebral e nun plan de apoios para unha vida independente. O labor das/os asistentes persoais foi sometido a avaliación continua a través dun rexistro de tarefas e reunións.

A consecución dos obxectivos propostos por cada participante, que se alcanzaron nun 90%, e o grao de satisfacción das persoas implicadas, revelan que o servizo mellora a calidade de vida das persoas con discapacidade ao favorecer que poidan facer efectivo o dereito a decidir sobre a súa vida.

### EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde febreiro a xuño



33 persoas formadas en asistencia persoal



Equipo de profesionais de educación social e terapia ocupacional




90% de satisfacción nas persoas con dano cerebral beneficiarias da figura de asistente persoal



2 persoas con dano cerebral beneficiarias do servizo de asistencia persoal



Fondos do Proxecto Rumbo



# PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DEREITOS

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca contribuír á defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral e as súas familias desde a perspectiva legal e da participación na comunidade. A meta concrétase en:

- Impulsar mecanismos, espazos e redes de socialización para promover a vida independente das persoas con dano cerebral a través da participación comunitaria.
- Ofrecer un servizo de asesoramento xurídico a persoas con dano cerebral e as súas familias para informar, orientar e asesorar sobre calquera aspecto relacionado coa discapacidade.

## REDE DE CIDADANÍA ACTIVA

Instrumento deseñado para fomentar a autodeterminación, individual e colectiva, das persoas con dano cerebral adquirido, creando un espazo común para a definición de obxectivos e toma de decisións. En abril tivo lugar o seu primeiro encontro presencial, no que rubricaron o seu regulamento. Incorporación progresiva a actividades de representación a través da presenza en actos públicos e reunións.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde  
xaneiro a decembro



14 membros da Rede  
de Cidadanía Activa




Equipo de profesionais de  
traballo social e educación social

3 encontros da Rede: I Encontro  
Presencial en Santiago, cita  
lúdica en Lugo e presentación de  
demandas á Valedora do Pobo  
polo Día do Dano Cerebral



Fondos do Proxecto Rumbo



## GRUPO DE DETECCIÓN DE BARRERAS

- Grupo creado co fin de incentivar a participación en actividades de lecer comunitarias de persoas con dano cerebral e de promover a sensibilización sobre accesibilidade universal e ocio inclusivo entre persoas con discapacidade e axentes sociais chave.
- Realizado un percorrido de detección de barreiras e un informe sobre o Centro Comercial Odeón de Narón.
- Reunión coa xerencia do establecemento para presentar o informe, con medidas sobre mobilidade horizontal e vertical, acceso ao centro, aseos e cine; implantadas varias das suxestións realizadas polo gupo de persoas con dano cerebral adquirido.

## SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA

- Servizo posto en marcha para apoiar ás persoas e familias con dano cerebral en todo o que respecta a dúbidas e procesos de carácter legal relacionados con calquera dos ámbitos aos que afecta a chegada da discapacidade, ou relacionados coa mesma.
- Xestión externa por parte do avogado Miguel Vieito.
- O asesor impartiu unha formación específica sobre as vantaxes de ter recoñecido o grao de discapacidade e dependencia en Dano Cerebral Santiago de Compostela o 3 de decembro, coincidindo co Día da Discapacidade.
- Acordo de participación do asesor, en representación de Dano Cerebral Galicia, no Foro Aequitas de Discapacidade en Galicia.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



40 consultas recibidas




Equipo de profesionais de traballo social e asesor xurídico externo



11 das consultas foron formuladas por profesionais das asociacións



Fondos do Proxecto Rumbo e do convenio nominativo coa Consellaría de Política Social







# INCIDENCIA POLÍTICA

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca consolidar o papel da Federación como referente principal na atención ao dano cerebral adquirido en Galicia. A meta concrétase en:

- Reforzar a incidencia política nos ámbitos de actuación prioritarios.
- Intensificar a participación en foros e outras accións que nos sitúen na axenda social galega.

## PRINCIPAIS FITOS

- 12º Premio Dano Cerebral Galicia – Miguel Blanco: concedido ao Centro de Promoción da Autonomía Persoal (CPAP) de Bergondo. Recollido por Francisco Nieto, director do centro, na Xornada sobre o Dano Cerebral.
- Participación no Consello Asesor do Paciente do SERGAS.
- Incidencia para pedir a posta en marcha do Proceso Asistencial Integrado do DCA.
- Campaña a prol da X Solidaria.
- Presentación de demandas do tecido asociativo coa Valedora do Pobo.

## OUTROS ACTOS E REUNIÓN S

- Visita de Alfonso Rueda a Dano Cerebral Santiago de Compostela
- Presentación Inf. Inclusión Sociolaboral
- Novos Retos e Visións da Sanidade G.
- Acto Emerxencia Vivenda
- Entrega Recoñecemento 'Amigo del Autismo'
- Gala Solidarios Grupo ONCE Galicia
- Entrega Medallas de Galicia 2024
- Acto 'Alba de Compostela'
- Eleccións autonómicas: reunións con PP, BNG, PSdG e asistencia ao Encontro co 3º Sector de Sumar Galicia
- Reunión C. de Educación e Fast Heroes
- Reunión coa Delegación do Goberno
- Reunión coa DX de Asistencia Sanitaria
- Inauguración Obras Parlamento
- Acto colocación 1ª pedra ADACECO
- Presentación Plan Galego de Atención Domiciliaria
- Presentación do informe 'O Estado da Pobreza en Galicia 2024'
- Presentación da Actualización da Estratexia de Ictus do SNS
- Acto Colocación 1º Pedra Dano Cerebral Santiago de Compostela
- Reunión coa Unidade de Ictus do CHUVI e Alento
- Reunión coa Consellería de Sanidade
- Reunións coa DX de Discapacidade
- Reunións coa Subdirección de Humanización do CHUS



# COHESIÓN ASOCIATIVA

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca avanzar no crecemento da Federación a través do traballo conxunto das entidades e a expansión do movemento asociativo. Concrétase en:

- Reforzar o traballo coordinado das asociacións co fin de homoxeneizar procedementos e mellorar a prestación de servizos.
- Aumentar o tecido asociativo e a base social do movemento representativo do dano cerebral adquirido en Galicia.

## ACTIVIDADES

### 1. FOROS DE TRABALLO



4 reunións de coordinación entre direccións



22 reunións quincenais do equipo técnico da Federación



9 visitas a entidades do equipo técnico da Federación

### 3. ENCONTRO FORMATIVO



89 persoas asistentes



Fondos da convocatoria de IRPF

### 2. ÓRGANOS DE GOBERNO



8 reunións da Xunta Directiva de Dano Cerebral Galicia



Asemblea Xeral Ordinaria



Asemblea Xeral Extraordinaria



Renovación da Xunta Directiva e aprobación do Plan Estratégico 2025-2028



Renovación na dirección, que pasou a ocupar Leticia Vila Posada



# PROXECCIÓN E RECOÑECIMENTO PÚBLICO

O traballo de fortalecemento da presenza social da Federación realizado desde o eido da incidencia política vese reforzado a través de accións comunicacionais, participación en certames ou conmemoracións, como a máis importante para o tecido asociativo: o Día Nacional do Dano Cerebral. Estas accións conseguen, á súa vez, captar a atención de axentes externos que salientan o labor de Dano Cerebral Galicia a través de premios ou doutros recoñecementos.

## 1. DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL E DÍA DO ICTUS

Conmemorouse con diversas accións que coordinaron ao conxunto das asociacións.



Cinefórum Espazos +60  
Afundación



Campaña de sensibilización  
con Renfe



Reunión da Rede de Cidadanía  
Activa coa Valedora do Pobo  
para a presentación de  
demandas e comparecencia  
final para medios de  
comunicación



Difundiuse o manifesto  
(tradución ao galego), un  
calendario común de  
actividades, a campaña estatal  
en redes (tradución ao galego),  
un boletín extraordinario, e a  
Xornada sobre o Dano Cerebral  
como colofón



Lectura coordinada do manifesto  
o día 26; todas incorporaron a  
actividade agás Alento, que  
centrou toda a actividade o 25



Parte do equipo de Dano  
Cerebral Galicia asistiu á  
andaina e lectura do manifesto  
organizados por DC Santiago de  
Compostela na mañá do 26



Realizouse unha comunicación  
específica en torno ao Día do  
Ictus achegando datos  
relacionados e vinculando co  
manifesto do Día do Dano  
Cerebral que obtivo varios  
impactos en medios de  
comunicación, incluída unha  
entrevista cun usuario de DC  
Santiago de Compostela na TVG

## 2. ATRÁPAME SE PODES



O programa da TVG escolleu a  
Dano Cerebral Galicia como  
unha das beneficiarias dos seus  
especiais solidarios de Nadal



Emisión o 22/12/2024



Doazón de 1.800 euros

## 3. PREMIOS INNOVACIÓN EN SAÚDE



Finalistas nos IV Premios de  
innovación en Saúde da ACIS  
(Sergas)



Dano Cerebral Galicia  
presentou o proxecto  
'Servizos socio-sanitarios de  
Proximidade'

## 4. XV PREMIO VITALIA - SENDA



Recibido o XV Premio  
Premio Vitalia-Senda de  
Investigación e  
Innovación, na categoría  
de Atención  
Socio-sanitaria



O proxecto galardoadado foi o  
'Estudo sobre a atención ao  
dano cerebral en recursos  
residenciais non específicos  
galegos'



Recolleuno o presidente  
de Dano Cerebral Galicia  
nun acto celebrado en  
Madrid o 28 de  
novembro

# REDES E IMPACTO MEDIÁTICO

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca ampliar o coñecemento social sobre o DCA desde a óptica da prevención e a sensibilización sobre a discapacidade. A meta concrétase en:

- Incrementar a presenza da Federación nos medios de comunicación xeralistas e en foros especializados.
- Proxectar unha imaxe corporativa común e aliñada da Federación e das entidades que a integran.

## ACTIVIDADES

- Envío de notas de prensa, elaboración de artigos divulgativos, e concertación e xestión de entrevistas con medios de comunicación.
- Difusión do papel da Federación e do labor do movemento asociativo a través da creación de contidos e a publicación de información na páxina web, boletín de noticias e redes sociais de Dano Cerebral Galicia. En 2024 creouse un perfil novo, na rede Bluesky, que se mantén inactivo.

## RESULTADOS

### 1. PÁXINA WEB DE DANO CEREBRAL GALICIA



118 pezas publicadas



4.174 persoas usuarias únicas



7.394 sesións

### 2. BOLETÍN 'ACTUALIDADE DO DANO CEREBRAL EN GALICIA'



14 boletíns enviados (12 mensuais e 2 extras por unha votación e polo Día do Dano Cerebral)



1.674 subscricións totais, das que 1.535 son subscricións activas



42% máis de subscricións (496 altas)

### 3. FACEBOOK



89 publicacións



470 historias



5.677 contas seguidoras  
1,88% crecemento



3.237 interaccións co contido



62.834 contas  
alcanzadas

### 4. INSTAGRAM



112 publicacións



688 historias



912 contas seguidoras  
34,47% crecemento



3.333 interaccións co contido



3.7802 contas  
alcanzadas

### 5. X



338 publicacións



2.640 contas seguidoras  
0,53% crecemento



673 interaccións co contido



28.827 contas  
alcanzadas

### 6. LINKEDIN



131 publicacións



2.003 contas seguidoras  
18,73% crecemento



1.174 interaccións co contido



56.381 contas  
alcanzadas

### 8. YOUTUBE



20 vídeos  
publicados



200 persoas subscritoras  
13,64% crecemento



52.057  
visualizacións



37 horas de  
visualización

### 9. IMPACTO EN MEDIOS



32 notas de prensa | Accións  
de difusión concretas dos  
actos públicos e da Guía Legal



217 impactos en webs,  
prensa, radio e televisión | 23  
impactos en boletíns de EAPN  
e DCEstatal



6 artigos en Eroski Consumer



4 roldas de prensa (Carreira,  
Travesía e 2 comparecencias  
coa Valedora do Pobo)



# TRANSPARENCIA E RENDICIÓN DE CONTAS

A rendición de contas, ademais dun compromiso cos valores de transparencia e bo goberno, é unha obriga legal de todas as entidades que administran recursos públicos. Implica o deber de informar, xustificar e explicar as decisións, funcións e uso dos fondos asignados, así como os resultados obtidos. A seguir, recóllese un resumo das accións institucionais, así como das contas anuais nas que se describe o estado do patrimonio, a situación financeira e o resultado do exercicio 2024, incluíndo a contabilidade social.

# FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL

## OBXECTIVOS

Esta liña busca fortalecer a estrutura da Federación para a mellora dos procesos de organización e xestión e asegurar a sustentabilidade económica. Concrétase en:

- Reforzar estrutura, organización interna e acción operativa en todos os niveis.
- Promover a diversificación na captación de fondos e o autofinanciamento.
- Optimización de recursos e avanzar na calidade e organización de procesos.

## ACTIVIDADES


- **Certificación de Calidade:** obtida a certificación do Sistema de Xestión da Calidade segundo a Norma UNE-EN ISO 9001:2015, por parte de Aenor, con data do 11/10/2024. Desenvolvidas unha Auditoría externa (en dúas sesións), unha Auditoría interna e unha Revisión pola Dirección, ademais da finalización de todo o proceso de implantación do sistema.
- Vixencia da seguinte **documentación estratéxica:** II Plan de Igualdade 2023-2027; Plan de Transformación dixital 2023-2024; e Plan de Formación 2024.
- **Programa Coopera:** 2023-2024, un perfil de educación social | 2024-2025: dous perfís, educación social e traballo social.
- Reforzo do equipo técnico e reorganización do organigrama coa nova dirección e a creación das responsabilidades de Xestión económica e RRHH e de Proxectos.

## PLAN ESTRATÉXICO 2025-2028

O proceso de elaboración desenvolveuse ao longo de todo o ano, obrando en 2024 unha extensión do documento anterior, 2019-2023. Constituíuse un "grupo motor", composto por 10 membros do equipo e da Xunta Directiva, que tiveron 4 xuntanzas coa consultora, AID Social. Paralelamente, un "grupo de participación" (con máis membros da XD e profesionais das asociacións) foi revisando e realizando achegas aos avances do primeiro.

Renovada a misión: "Dano Cerebral Galicia é a federación que aúna, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral adquirido de Galicia co obxectivo de desenvolver accións nos eidos social, político e técnico para promover o coñecemento e para mellorar a calidade de vida e o pleno exercicio de dereitos das persoas con dano cerebral adquirido e da súa contorna social e/ou persoas cuidadoras."





## DESCRICIÓN

Finalizou o proceso de creación dunha marca común, e comezou o labor de cambio e implantación, que arrincou coa presentación de Daño Cerebral Estatal o 30 de maio.

Dano Cerebral Galicia presentouse o 21 de xuño nun acto da Rede de Cidadanía Activa coa Valedora do Pobo, no que se presentaron as demandas de lexislatura do tecido asociativo. Montse Terceiro, integrante da Rede, deu lectura ás demandas, que tiveron ampla repercusión en medios. Luciano Fernández realizou a presentación da nova imaxe corporativa común, resumindo o proceso de cambio.

O acto encheu o aforo da biblioteca da Valedora -35 persoas- cunha ampla representación institucións, grupos parlamentarios, sociedades e colexios profesionais, entidades do Terceiro Sector e outros organismos colaboradores.

Cambiáronse a web, os correos corporativos e todos os principais elementos que identifican externamente á Federación.

En 2024 tamén realizaron a súa transición á nova marca Dano Cerebral A Coruña ADACECO, Dano Cerebral Lugo e Dano Cerebral Santiago de Compostela.



# RENDICIÓN DE CONTAS

## DESCRIPCIÓN

A rendición de contas, ademais dun compromiso cos valores de transparencia e bo goberno, é unha obriga legal de todas as entidades que administran recursos públicos. Implica o deber de informar, xustificar e explicar as decisións, funcións e uso dos fondos asignados, así como os resultados obtidos.

A seguir recóllese o resumo das contas anuais de 2024, onde se describe o resultado do patrimonio e a situación financeira de Dano Cerebral Galicia co ano pechado.

No apartado de ingresos recóllese todos os que recibe a Federación, incluídos os destinados a seren repartidos entre as asociacións para a execución dos programas incluídos na convocatoria do IRPF e no Convenio Nominativo. No apartado de gastos, refírense os executados por Dano Cerebral Galicia, sendo o resultado do exercicio 2024 o exclusivo da Federación.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución desde xaneiro a decembro



Balance de gastos e ingresos de Dano Cerebral Galicia




Equipo de administración e xestión económica e dirección



Balance económico de 2024 positivo: 34.002,20 €




Fondos públicos, privados e propios



<b>INGRESOS 2024</b>	<b>1.249.529,07 €</b>	
<b>FONDOS DESTINADOS ÁS ASOCIACIÓN</b>	<b>753.353,60 €</b>	
<b>SUBVENCIONES PÚBLICAS</b>	746.690,44 €	99,12%
Consellería Política Social - Convenio Nominativo 2024 - Prestación de servizos	122.086,60 €	
Convenio Específico 2024	61.027,85 €	
Axuda Extraordinaria Concerto Social xan-feb 2024	20.027,71 €	
Consellería Política Social - Programas IRPF	543.548,28 €	
<b>DANO CEREBRAL GALICIA</b>	6.663,16 €	0,88%
Transformación Dixital - Apoio na implantación de solucións tecnolóxicas a entidades federadas	6.663,16 €	
<b>FONDOS DESTINADOS Á FEDERACIÓN</b>	<b>496.175,47 €</b>	
<b>FONDOS PROPIOS/PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>	54.017,19 €	10,89%
<b>SUBVENCIONES PÚBLICAS</b>	392.433,02 €	79,09%
Consellería Política Social - Convenio Nominativo	100.000,40 €	
Convenio Específico 2024	20.499,99 €	
Consellería Política Social - Programas IRPF - Promove, Entende, Actúa	52.960,12 €	
Consellería Política Social - Programas IRPF - Stop Fenda Dixital	45.129,80 €	
Consellería de Emprego - Programa Coopera 23-24	17.965,46 €	
Consellería de Emprego - Programa Coopera 24-25	2.468,38 €	
Deputación de A Coruña - FOCVAA 2024	27.212,57 €	
Ministerio Dereitos Sociais - PROXECTO RUMBO FFEE	126.196,30 €	
<b>CONVOCATORIAS PRIVADAS</b>	35.816,92 €	7,22%
Fundación "la Caixa" - Servizos Sociosanitarios de Proximidade (2023-2024)	35.816,92 €	
<b>AXUDAS E DOAZÓN</b> S ENTIDADES PRIVADAS E PARTICULARES	9.034,43 €	1,82%
Fundación José Otero - Carmela Martínez	1.750,00 €	
Grupo Tragsa - Solidarios Nacionales 2024	5.000,00 €	
Atrápame se Podes especial Nadal	1.800,00 €	
Editorial Galaxia	75,54 €	
Doazóns Particulares	408,89 €	
<b>SUBVENCIONES, DONACIONES E LEGADOS DE CAPITAL TRASPASADOS AO EXCEDENTE DO EJERCICIO*</b>	2.765,44 €	0,56%
<b>BONIFICACIÓN POR FORMACIÓN CONTINUADA</b>	945,00 €	0,19%
<b>INGRESOS EXCEPCIONAIS</b>	1.163,47 €	0,23%


<b>GASTOS EXECUTADOS POLA FEDERACIÓN</b>		<b>462.173,27 €</b>
<b>PERSONAL</b>	<b>289.592,27 €</b>	<b>62,66%</b>
Estrutural	173.764,72 €	
Programa coopera	20.433,84 €	
Proxecto Rumbo	95.393,71 €	
<b>DESPRAZAMENTOS</b>	<b>14.344,99 €</b>	<b>3,10%</b>
Proxecto Rumbo	6.047,21 €	
Estruturais	8.297,78 €	
<b>ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO</b>	<b>67.740,22 €</b>	<b>14,66%</b>
<b>DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES</b>	<b>74.331,92 €</b>	<b>16,08%</b>
<b>FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS DO MOVEMENTO ASOCIATIVO E XD</b>	<b>8.852,03 €</b>	<b>1,92%</b>
<b>AMORTIZACIÓNS INMOBILIZADO</b>	<b>7.311,84 €</b>	<b>1,58%</b>
<b>RESULTADO DO EXERCICIO 2024</b>		<b>34.002,20 €</b>

## INGRESOS DA FEDERACIÓN



79,1% subvencións públicas  
 10,9% prestación de servizos  
 7,2% convocatorias privadas  
 1,8% axudas e doazóns  
 1% outros ingresos

## GASTOS EXECUTADOS



62,7% personal  
 16,1% actividades  
 14,7% estrutura  
 3,1% desprazamentos  
 1,9% formación  
 1,9% amortización inmovilizado

# CONTABILIDADE SOCIAL

## DESCRIPCIÓN

A contabilidade social é unha metodoloxía, creada polo Grupo ECRI de investigación e GEAccounting, que permite identificar, medir e valorar monetariamente os impactos ou cambios que xera o investimento en recursos e servizos dunha organización. A través da súa aplicación na análise das principais actividades e programas de atención ofrecidos por Dano Cerebral Galicia aos distintos grupos de interese cos que intervén, é posible coñecer o retorno social e económico do investimento realizado.

## OBXECTIVOS

A metodoloxía avalía o valor que xera unha entidade máis alá do modelo económico-financieiro tradicional, medindo aspectos que non aluden a transaccións económicas. Esta meta tradúcese en:

- Identificar os grupos de interese de Dano Cerebral Galicia e dialogar con eles para identificar os aspectos a través dos que a Federación xera valor.
- Identificar o valor social de mercado xerado por Dano Cerebral Galicia e cuantificar en unidades monetarias o valor social de non mercado.
- Coñecer a suma do valor social de mercado e de non mercado (coñecido como valor social integrado) e como se distribúe nos diferentes grupos de interese.

Os datos analizados correspóndense co exercicio económico 2023.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS



Execución anual (estudo do período 2023 realizado en 2024)



Por cada euro que Dano Cerebral Galicia mobiliza, xera 2,52 euros



Equipo completo de Dano Cerebral Galicia




Fondos propios e do convenio nominativo coa Consellaría de Política Social



Por cada euro procedente de fondos públicos, xera 2,95 euros


## DISTRIBUCIÓN VALOR SOCIAL DE MERCADO

351.431 €



## DISTRIBUCIÓN VALOR SOCIAL DE NON MERCADO

921.143 €



Año	01	02	03	04	05
2023	196.291,26€	189.625,73€	177.013,47€	116.508,09€	99.900€
2022	91.794,71€	249.933,85€	11.760€	118.642,37€	232.702€
	(4)	(1)	(8)	(3)	(2)

# GRUPOS DE INTERESE DISTRIBUCIÓN

## 01 PERSONAS TRABAJADORAS

- Salarios Netos
- Desenvolvemento Profesional
- Recoñecemento
- Entorno saudable



## 02 ASOCIACIÓN DCA

- Canalización e xestión de subvencións
- Difusión, RRSS, notas de prensa, etc.
- Incidencia política
- Formación




## 03 AAPP

- Impostos
- Foros institucionais
- Participación mesas de traballo
- Canalización de subvencións



## 04 PERSONAS CON DCA E FAMILIAS

- Aforro en custe en sesións de logopedia e TO (SSP)
- Servizo Asesoramento Xurídico
- Formación
- Elaboración de materiais e guías



## PERSONAS PARTICIPANTES EN ACTIVIDADES DA FEDERACIÓN 05

- Formación
- Elaboración de materiais divulgativos
- Xornadas e actividades de transferencia de coñecemento

## ALIANZAS 06

- Convenio de colaboración
- Elaboración de materiais divulgativos
- Visibilización

## PROVEDORES 07

- Valor engadido nas compras realizadas
- Xornadas e actividades de transferencia de coñecemento

## ENTIDADES 2º NIVEL 08


- Cuotas
- Visibilización
- Dinamización do terceiro sector

# VALOR SOCIAL INTEGRADO QUE XERA DANO CEREBRAL GALICIA

1.272.574 €

POR CADA 1€ MOBILIZADO DO ORZAMENTO, XÉRANSE 2,52€ Á SOCIEDADE

POR CADA 1€ DE FINANCIAMENTO PÚBLICO, DANO CEREBRAL GALICIA XERA 2,95 € Á SOCIEDADE





# TRABALLO EN REDE

Dano Cerebral Galicia é entidade integrante de Daño Cerebral Estatal e das seccións territoriais galegas do Comité Español de Representantes das Persoas con Discapacidade (CERMI) e da Rede Europea Contra a Pobreza (EAPN). Ademais, ata 2024 formou parte do Consorcio Rumbo, e mantén alianzas e convenios de colaboración con diversos axentes sociais para o desenvolvemento de campañas orientadas á prevención e sensibilización sobre o dano cerebral.

## 1. DAÑO CEREBRAL ESTATAL

Os principais fitos foron a integración na Xunta Directiva e o proceso de traballo arredor da nova marca común.



4 reunións da Xunta Directiva



13 reunións do grupo de traballo de comunicación



3 Asembleas Xerais Extraordinarias



1 Asemblea Xeral Ordinaria



1 reunión de coordinación do Grupo de Comunicación coa Xunta Directiva pola marca



Acto de presentación interna da marca en Madrid: intervención da responsable de Comunicación

## 2. CERMI GALICIA

O principal fito foi a continuidade na presidencia galega do Comité ata decembro, cando se renovou o cargo.



2 reunións do Comité Executivo



1 Asemblea Xeral Extraordinaria



1 Asemblea Xeral Ordinaria



3 reunións do grupo de demandas electorais



2 reunións da Comisión da Muller

Asistencia ao acto polo Día da Discapacidade, no que se presentou o vídeo sobre Muller e Discapacidade no que participou unha persoa da Rede de Cidadanía Activa



## 3. EAPN GALICIA

Os principais fitos foron a integración na Xunta Directiva e a participación en grupos de traballo, actos e actividades da Rede.



4 reunións da Xunta Directiva



1 reunións do grupo de traballo de comunicación



2 reunións e acto de presentación do grupo de traballo da campaña do X Solidario



1 reunión do grupo de participación



1 Asemblea Xeral Ordinaria  
Reunións cos grupos parlamentarios para a presentación de demandas perante as eleccións autonómicas





Asistencia a actos: 'Emerxencia Vivenda', presentación do informe "O Estado da Pobreza en Galicia 2024" e presentación VIII Informe: 'Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia'





#### 4. CONSORCIO RUMBO


Os principais fitos foron a coordinación do consorcio Daño Cerebral Estatal, Daño Cerebral Andalucía e Dano Cerebral Galicia.


 10 reunións de coordinación do consorcio

 8 reunións de seguimento interno a nivel Dano Cerebral Galicia

 2 reunións coa Oficina de Asesoramento


 2 reunións do grupo de traballo de detección de necesidades

 1 reunión do grupo de formación e deseño do servizo de asistencia persoal

 Asistencia ao evento final en Madrid, coa intervención dunha representante da Rede de Cidadanía Activa

#### 5. OUTRAS ENTIDADES

Ao longo de 2024, a Federación asinou seis novos convenios de colaboración co obxectivo de coordinar accións de formación, información, incidencia e sensibilización con diferentes entidades.





# ENTIDADES COLABORADORAS

O traballo de Dano Cerebral Galicia é posible grazas ao financiamento, apoio loxístico e colaboración de diversas administracións públicas estatais, galegas e locais, así como a empresas e entidades sen ánimo de lucro, tanto do terceiro sector sociosanitario como do tecido asociativo veciñal e comunitario.

## ENTIDADES FINANCIADORAS PÚBLICAS



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE



AXENCIA GALIÇA DE CONECEMENTO EN SAÚDE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN



Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia



Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



## ENTIDADES FINANCIADORAS PRIVADAS



## ENTIDADES PÚBLICAS COLABORADORAS



CONSELLERÍA DE SANIDADE



## ENTIDADES DE SEGUNDO NIVEL



## ENTIDADES EDUCATIVAS COLABORADORAS



## PATROCINIOS



## OUTRAS COLABORACIÓNS





Rúa Galeras 17, 2º, Oficina 5  
15705 Santiago de Compostela  
881 943 148 | 659 177 709



@danocerebralgalicia

